



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso  
administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2021/G010/000002  
Sesión núm. 02/2021-P

## DECRETO DA ALCALDÍA DA CONVOCATORIA DO PLENO

De conformidade co establecido no artigo 46, apartados 2 e 3 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e nos artigos 78 e 80 do real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en consonancia co Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se decretou o Estado de Alarma polo Goberno de España para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, co Real Decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declarou novamente o Estado de Alarma polo Goberno de España para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-Cov-2, e as medidas sanitarias en vigor

### RESOLVO

**PRIMEIRO.-** Convocar sesión do Pleno do Concello a celebrar de forma telemática nas data e hora que se indican en primeira convocatoria, e corenta e oito horas máis tarde en segunda convocatoria coa seguinte orde do día:

<b>Sesión de:</b> Pleno	<b>Data da sesión:</b> 04 de febreiro do 2021
<b>Convocatoria:</b> Extraordinaria telemática	<b>Hora:</b> 20.00
	<b>Lugar:</b> A distancia; vídeo-conferencia Zoom

### ORDE DO DÍA

- 1º.- Resolución das alegacións presentadas á Conta Xeral do Orzamento 2019.
- 2º.- POS+2021: Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2021.
- 3º.- POS+2021: POS+Adicional 1/2021 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2021.

**SEGUNDO:** Dar traslado da presente Resolución aos sres. concelleiros membros do órgano Colexiado, advertíndolles de que, conforme co disposto polo artigo 12.1 do RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar con antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión, así como que se lles remitirá a ligazón ao correo electrónico para participar na sesión media hora antes da celebración, de acordo cos métodos practicados nestes días.

**TERCEIRO:** Que se poña a disposición dos concelleiros a documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día, que deba servir de base ao debate e, de ser o caso, votación, na Secretaría do Concello, aparte da remisión por medios dixitais da documentación.

---

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e polo secretario acctal. do Concello, Juan Esteban Méndez Leiva, o 01 de febreiro do 2021.